

**AGOSTO 2021**
*Tab. 1. Viaxeiros, noites, estadia media e graos de ocupación en Estab. Hoteleiros. Agosto 2021*

	ESPAÑA		GALICIA	
	Nº	Var. Int. 21/19	Nº	Var. Int. 21/19
<b>VIAXEIROS</b>	10.422.992	-20,0%	670.364	1,4%
<b>NOITES</b>	34.493.831	-26,7%	1.570.226	0,6%
<b>ESTADÍA MEDIA</b>	3,31	-8,4%	2,34	-0,9%
<b>% OCUPACIÓN</b>	65,11%	-11,75	69,68%	2,28
<b>ADR</b>	115,01 €	5,2%	79,4 €	11,5%
<b>RevPAR</b>	78,14 €	-10,0%	57,3 €	17,9%

Fonte: Elaboración propia a partir de EOH

No mes de agosto Galicia atópase nunha situación de certa estabilidade en relación á pandemia, con mellora dos datos epidemiolóxicos, o que permite avanzar no proceso de desescalada.

Na análise dos datos deste mes cabe ter en conta que en agosto do pasado ano a situación da pandemia era diferente, con restricións de mobilidade, confinamentos perimetrais puntuais e localizados en zonas concretas de elevada incidencia, e parte da actividade turística –de aloxamento, restauración e demais- con apertura parcial. Por tanto, a comparativa interanual realízase sobre un mes con cifras moi baixas e, en consecuencia, as porcentaxes de variación son excesivamente elevadas. Unha vez máis imos realizar a comparación co ano 2019 para observar en que medida a recuperación da actividade se achega aos niveis previos á pandemia.

Neste contexto o INE estima que en agosto abriron en Galicia preto de 1.700 establecementos hoteleiros – dos 1.600 que o fixeron no mesmo período de 2020 e cun nivel parello ao de 2019- que ofertaron pouco máis de 70 mil prazas –das máis de 72 mil de agosto de 2019-.

Isto supón unha caída da oferta dispoñible do 3% en relación ao último mes de agosto previo á pandemia, isto é, neste mes ofertáronse practicamente o 97% das prazas que estaban dispoñibles en agosto de 2019 – obviamente supéranse os niveis do pasado ano cando se ofertaban algo máis de 66 mil prazas-. O nivel de recuperación da oferta é case total.

**AGOSTO 2021**

- A conxuntura hoteleira deste mes de agosto é moi positiva, mellorando incluso as cifras do pasado mes de xullo e confirmando a plena recuperación da actividade turística en Galicia cando menos no período estival.
- Así, neste mes rexistráronse en Galicia algo máis de 670 mil viaxeiros aloxados e preto de 1,6 millóns de noites, cifras que superan nun 70% o dato do pasado ano e que superan tamén, por vez primeira desde o inicio da pandemia, as cifras de 2019 –nun 1,4% a cifra de viaxeiros aloxados e nun 0,6% o volume de noites-. A recuperación consolídase pois os datos deste mes son os mellores desde

o inicio da crise, e de feito o segmento hoteleiro acada neste ano a segunda cifra máis elevada da serie histórica de demanda hoteleira –só por debaixo do nivel rexistrado en agosto de 2017-.

- A tendencia positiva refórzase no sentido de que a recuperación xa colocou as cifras deste ano en niveis de 2019. En marzo Galicia rexistrara o 37% do volume previo á pandemia, porcentaxe que ascendeu ao 60% en xuño e ao 87% en xullo.
- A nivel das comunidades autónomas obsérvase un comportamento algo diferente. Neste sentido todas elas conseguen superar con creces os niveis de demanda do pasado ano –con maior dinamismo os destinos insulares, Canarias e Baleares, xunto con Madrid e Cataluña, que duplican e mesmo triplican as cifras de agosto de 2020-. Son xustamente aquelas de maior volume de negocio no verán e que ademais teñen moita capacidade de recuperación por canto sufriron con maior intensidade os efectos negativos da crise. No lado contrario os destinos que menos crecen en termos relativos son aqueles que obtiveron bos resultados o pasado ano –Asturias e Cantabria, entre eles-. Tiñan dalgunha maneira menor marxe de mellora.
- A comparativa co ano 2019 amosa que Galicia é o único destino de España que consegue superar o nivel de demanda previo á pandemia –nunha porcentaxe moi baixa, case imperceptible, pero importante polo que significa en termos de recuperación-. Asturias mantense en niveis parellos mentres que as restantes comunidades fican aínda por debaixo das cifras previas á crise. Neste sentido a capacidade de recuperación é notable nos destinos do norte peninsular –Cantabria, País Vasco e A Rioxa- por canto rexistran máis do 95% da demanda de 2019. No lado contrario as comunidades que aínda fican lonxe dos valores previos á pandemia son Canarias –cunha recuperación do 65%- e Baleares e Madrid –con volumes próximos ao 60% da demanda de 2019-.
- Confírmase por terceiro mes consecutivo que, con carácter xeral, os destinos que máis sufriron as consecuencias da crise –aqueles insulares e os localizados no mediterráneo peninsular- son os que agora inician unha recuperación máis intensa en comparación coas cifras de 2020 pero con marxe de mellora en relación aos datos de 2019. En cambio, os destinos do norte peninsular son os que conseguen situarse en niveis anteriores á crise, de 2019, en proporcións algo diferentes pero con volumes parellos aos dese ano, rexistrando unha capacidade de recuperación plena.
- No conxunto do Estado a recuperación da demanda sitúase no 73% en comparación cos niveis previos á crise, rexistrando preto de 34,5 millóns de pernoctacións.
- En termos de volume Galicia sitúase neste mes na sexta posición absorbendo o 4,6% do total estatal. Mellora a súa posición habitual –normalmente ocupa o sétimo lugar aínda con variacións dependendo do mes de referencia-, e sitúase por detrás dos principais destinos do Estado. Son neste mes, por orde de importancia, Baleares –con preto de 6,6 millóns de noites-, Andalucía –con case 6,4 millóns-, Cataluña –con 6,0 millóns-, Canarias –con preto de 4,4 millóns- e a C. Valenciana –con máis de 3,3 millóns neste caso-.
- No medio prazo a recuperación da demanda sitúase esencialmente no mercado de proximidade –principalmente o interno-. Isto vén condicionado en grande medida polas sinerxias herdadas das restricións de mobilidade aplicadas no conxunto do Estado e a nivel internacional. Sen embargo neste mes de agosto é o segmento receptor nacional, aquel que procede das restantes comunidades autónomas, o que presenta o mellor comportamento en termos relativos. Tal circunstancia acontecía xa no pasado mes de xullo e contraponse ao observado no primeiro semestre do ano.
- Así, o nivel de recuperación é tal que este segmento consegue superar non só o volume de noites do pasado ano –en máis do 80%- senón tamén o de 2019 –nun 14%-, rexistrando máis de 1,1 millóns de

pernoctacións –a cifra máis alta da serie histórica-. Nunca antes o segmento receptor nacional conseguira superar de forma clara o millón de noites no mes de agosto.

- O mercado interno, dos residentes en Galicia, mantén e mesmo reforza a tendencia positiva dos meses anteriores por canto rexistra niveis importantes de recuperación da demanda que superaron sempre aos restantes segmentos, pero que neste mes, igual que en xullo, veuse superado polo receptor nacional. O turismo interno incrementa nun 26% a cifra do pasado ano e supera tamén a de 2019 –nun 1,1%-, circunstancia que acontece por vez primeira desde o inicio da pandemia. Con preto de 276 mil noites o mercado interno acada en 2021 a segunda cifra máis elevada de toda a serie histórica, só por debaixo do valor de agosto de 2017.
- O mercado internacional continúa amosando dificultades para un recuperación plena pero presenta agora en agosto, igual que en xullo, mellor comportamento do observado en meses anteriores. Dobra o volume de noites do pasado ano pero sitúase por debaixo do 60% da demanda de 2019. Con preto de 159 mil noites este segmento mantense en mínimos históricos neste oitavo mes do ano –obviando o dato de agosto de 2020-.
- Esta dinámica global dos tres grandes segmentos de mercado difire do observado nos últimos meses, o que provoca novos cambios na estrutura da demanda. O mercado interno, que habitualmente viña gañando peso e notoriedade, volve aos niveis previos á crise –igual que acontecía en xullo- absorbendo o 17% do total da demanda hoteleira de Galicia. O mercado receptor nacional gaña representatividade e supón neste mes o 72% do total –a porcentaxe máis alta da serie histórica-. Isto é, tres de cada catro noites hoteleiras deste mes de agosto corresponden ao mercado nacional procedente de fóra de Galicia, proporción nunca antes vista na nosa comunidade.
- O mercado internacional rexistra unha perda próxima aos nove puntos absorbendo o 10% do total –porcentaxe que supón un mínimo na serie histórica, semellante á do pasado ano-.
- A nivel territorial obsérvase un comportamento bastante parello da demanda pero con diferenzas importantes. Neste sentido o nivel de demanda sobe en todas as provincias en relación ao pasado ano –en case o dobre en A Coruña- pero soamente en dúas delas se superan os volumes de 2019 –en A Coruña nun 6,7% e en Lugo nun 1,2%- En Ourense e Pontevedra os niveis fican próximos aos valores previos á pandemia, cunha capacidade de recuperación do 98% na primeira e do 95% nesta última. A pesar destas diferenzas si é importante destacar que o nivel de recuperación é notable en todas as provincias.
- Co 43,1% das noites hoteleiras –e case 678 mil pernoctacións- Pontevedra lidera por segunda vez neste ano o mercado turístico hoteleiro –acontecía o mesmo en xullo, en contra do observado no primeiro semestre co liderazgo localizado en A Coruña-. Seguen en orde de importancia neste mes A Coruña –co 38,9% e máis de 611 mil noites-, Lugo –co 12,1%- e finalmente Ourense –co 5,8% do total da comunidade-.
- O nivel de recuperación da demanda difire levemente entre as distintas categorías. Así, son as pensións dunha estrela as que presentan mellor comportamento da demanda por canto superan nun 40% o volume de noites de 2019. Sitúanse tamén por encima dos niveis previos á pandemia os hoteis de catro e cinco estrelas –nun 1,7%- e os hoteis de tres estrelas –nun 4,5%-. Os hoteis e pensións de dúas e tres estrelas melloran as cifras do pasado ano pero fican aínda por debaixo dos valores de 2019 –en menor medida os primeiros respecto dos segundos-.
- A mellora dos niveis de demanda nas pensións dunha estrela leva a este segmento a superar en máis de doce puntos a cifra de ocupación de agosto de 2019.

- A estadia media hoteleira mantense practicamente invariable neste mes de agosto con pouco máis de 2,3 noites –valor parello ao do pasado ano e tamén ao de 2019-.
- A estadia media en Galicia sitúase nunha posición intermedia no conxunto do Estado. Canarias, con 6,2 noites, e Baleares, con 5,5 noites, son os destinos que neste mes marcan as cifras máis elevadas. No lado contrario Estremadura rexistra a cifra máis baixa, con 1,7 noites neste caso.
- O importante nivel de recuperación observado no lado da demanda leva a unha mellora notable dos niveis de ocupación. Superan neste mes en case 26 puntos a cifra do pasado ano e tamén, por vez primeira desde o inicio da pandemia, a porcentaxe de 2019 –en algo máis de dous puntos-. De feito, co 69,7% de ocupación media mensual Galicia marca neste ano a porcentaxe máis elevada da serie histórica.
- Cantabria rexistra neste mes –por segunda vez de forma consecutiva- a cifra de ocupación máis alta do conxunto do Estado cun 78,2% de media. Seguen en orde de importancia, moi preto da anterior, Asturias e o País Vasco –ambas no contorno do 77%- e a C. Valenciana –co 73,8% neste caso-. No lado contrario Madrid marca a cifra máis baixa cun 39,5% de media. Neste contexto Galicia mellora a súa posición respecto do mes pasado –de feito sitúase por detrás das anteriores- e sobre todo en relación ao que se observaba en xuño, por exemplo –cando rexistraba a cifra máis baixa do conxunto do Estado-.
- As tarifas hoteleiras sitúanse en 79,4 euros, cifra que supera nun 12,8% a cifra do pasado ano e nun 11,5% o dato de 2019. Tal circunstancia xa se observaba en xullo e rompe coa tendencia que se viña observando no último ano na que, en liña coa conxuntural global, as tarifas caían respecto dos valores previos á crise. Este notable incremento rexistrado en agosto coloca o dato do mes en máximos da serie histórica –por segunda vez de forma consecutiva-. O bo comportamento da demanda acontece, por tanto, nun contexto de subas das tarifas hoteleiras na comunidade.
- Esta mellora coloca o dato de Galicia nunha posición media en relación ás restantes comunidades autónomas, superando neste mes a cifra de nove destinos –habitualmente a nosa comunidade sitúase en posicións baixas, mesmo coas tarifas máis pequenas do Estado-. Baleares, con 154,2 euros, rexistra a cifra máis alta neste mes, por diante de Andalucía –con 137,0 euros-, a C. Valenciana –con 113,2 euros- e o País Vasco –con 112,8 euros neste caso-, marcando todas certa distancia cos restantes destinos do Estado.
- O bo comportamento da demanda e dos niveis de ocupación, nun contexto de mellora das tarifas hoteleiras, leva a que neste mes os establecementos hoteleiros de Galicia melloren notablemente os niveis de rendibilidade. Así, o RevPAR sitúase en 57,3 euros de ingreso medio por habitación dispoñible, a cifra máis alta da serie histórica –circunstancia que acontece por vez primeira desde o inicio da pandemia-. Os niveis de rendibilidade superan nun 80% a cifra do pasado ano 2020 e nun 18% o dato de 2019.
- Con esta cifra Galicia colócase nunha posición intermedia no conxunto do Estado, superando o valor observado en dez destinos. Baleares -con 103,3 euros- é o destino de maior rendibilidade hoteleira neste mes de agosto, por diante de Andalucía e o País Vasco –que rexistran un nivel de rendibilidade por encima dos 90 euros-. A media do conxunto do Estado sitúase en 78,1 euros.
- En termos globais estímase que o sector hoteleiro de Galicia obtivo uns ingresos totais próximos aos 63,7 millóns de euros neste mes de agosto, cifra que supón un novo máximo da serie histórica. Superan nun 12,8% a cifra rexistrada no mesmo período de 2019.

ANEXO – GRÁFICAS DE APOIO

Fig. 1. Evolución noites hoteleiras. Agosto 2011-21




Fig. 2. Variación da demanda segundo a procedencia. Agosto 2021/19




Fig. 3. Variación da demanda a nivel territorial (provincias). Agosto 2021/19




Fig. 4. Variación da demanda por segmentos hoteleiros. Agosto 2021/19




Fig. 5. Evolución da estadía media. Agosto 2011-21




Fig. 6. Evolución do nivel de ocupación hoteleiro. Agosto 2013-21




Fig. 7. Evolución das tarifas hoteleiras (ADR). Agosto 2011-21




Fig. 8. Evolución da rendibilidade hoteleira (RevPAR). Agosto 2011-21

